

EFEGA ensina como afrontar urxencias sanitarias nas Escolas Infantís da Xunta

Durante o curso explicáronse as pautas a seguir en caso de atragoamento e de reanimación cardiopulmonar pediátricos.



Un técnico de emerxencias mostra unha manobra con material de simulación.

06/06/2015 Técnicos de Emerxencias Sanitarias de EFEGA culminaron onte en A Choupana unha serie de cursos para ensinar ao persoal das Escolas Infantís dependentes do Xunta de Galicia cómo afrontar e tratar unha posible urxencia sanitaria co alumnado, nenos e nenas con idades comprendidas entre os 0 e 3 anos. A iniciativa responde á inquedanza dos propios docentes, preocupados acerca de como reaccionar nun caso destas características, e contou coa colaboración de Ensino e Formación en Emerxencias de Galicia (EFEGA). Os instructores desprázanse a Bueu, O Hío e Cangas para impartir uns cursos de catro horas de duración. O de onte foi o terceiro e en todos houbo entre 12 e 15 profesionais das escolas de Cangas, Moaña e Bueu.

Os cursos combinaron unha parte teórica e outra práctica con material de simulación. O persoal dos centros educativos estaba especialmente interesado en aprender como actuar no caso dun atragoamento, xa que moitos dos nenos comen na propia escola ou saber como realizar unha manobra de reanimación cardipulmonar con nenos e nenas de tan curta idade. "Tratamos temas como o soporte vital básico pediátrico e os primeiros coidados nas patoloxías pediátricas máis comúns nunha Escola Infantil", explican dende EFEGA.

Os cursos están homologados pola propia Consellería de Sanidade, que os declarou de Interese Saniatario, e o propio Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar incluíu este tipo de formación como obrigatoria para o persoal das escolas infantís.

Os interesados en recibir formación pódense informar a través da páxina web www.efega.eu ou no enderezo de correo info@efega.eu.